

Restos do pasado

Observa, le e aprende.

Hoxe coñecemos o que aconteceu no pasado e como era a vida das persoas antigamente a través de distintos medios:

- **Textos escritos**, como libros, cartas ou outros documentos.
- **Canciós, contos ou lendas**, que se transmiten, de forma oral.
- **Construcións e edificios antigos**, como castelos, catedrais, castros, pontes, etc., ou ben, os **restos** que quedan deles.
- **Cadros, esculturas e mapas**.
- Outros restos, como **ósos, moedas, ferramentas**, etc.

Sabías que?

A **arqueoloxía** encárgase de buscar e estudar os restos antigos.



Todos estes recursos son **fontes históricas** e ofrécennos unha información moi importante sobre os sucesos do pasado; por iso, hai que coidalos e respectalos.



Os **museos** son lugares onde se gardan, consérvanse e expóñense ao público obxectos de gran valor histórico e artístico. Nos museos tamén se investigan e restauran restos do pasado que se encontran deteriorados polo paso do tempo.





- 1** Le este folleto con normas para visitar un museo. Pensa e sinala cales son as correctas.

NORMAS DE VISITA AO MUSEO	
☐ Non se poden tocar os obxectos expostos, a non ser que se indique o contrario.	AVISO Para asegurarse de que as obras que se expoñen nos museos están nas mellores condicións, os seus responsables pídenlles aos visitantes que se cumpran unhas normas.
☐ Está permitido correr polo museo.	
☐ Non está permitido comer nin beber no museo.	
☐ Está prohibido facer fotografías con flash.	
☐ Non se pode entrar no museo con roupa escura.	
☐ Está prohibida a entrada de animais; só se permite a entrada de cans guía.	

- 2** Busca en Internet información sobre un museo da túa localidade ou de Galicia e completa esta ficha.

Nome do museo:

Localidade onde está:

Nel podemos ver:

